

Cartafol

Xestionado por [Héitor Mera](#)

Carlos Quiroga: *Inxalá*

A necesidade da estranxeiría

Inxalá

Carlos Quiroga

Laiovento, A Coruña, 2006. 111 páxs., 10 

Inxalá recibiu en 2004 o premio á mellor narración curta do certame *Carvalho Calero*, convocado anualmente polo Concello de Ferrol e un dos poucos que admite a concorrencia de textos en calquera das normativas do galego. Carlos Quiroga incide nesta obra en varios motivos que veñen sendo habituais no conxunto da súa traxectoria. A viaxe, a evocación proxectiva da estranxeiría, a cidade de Lisboa como lugar de referencia ou o eco de fondo da sociedade galega crúzanse neste relato que apontoa a proposta de vangarda do autor.

- 16:32 12/02/2007

Non se pode facer referencia á traxectoria literaria e persoal de Carlos Quiroga sen mencionar o seu compromiso co reintegracionismo lingüístico. O desenvolvemento da súa escrita na normativa que defende a AGAL, cun papel case fundacional á par doutros escritores coma Raquel Miragaia ou João Guisan Seixas, ten provocado que o seu insólito proxecto creativo estea a ficar na marxe, a ausencia de reseñas dos seus libros e a case inexistencia de material crítico sobre a súa obra... A maior parte da crítica mirando para o outro lado. E viceversa, claro. (Por unha banda, a pretensión de dar por clausurado un debate que excede o ortográfico. Pola outra, a asunción da posición da vítima. E nesas seguimos).

Unha das marcas literarias de Quiroga é a aposta pola confección persoal do libro, concibido este como artefacto e contentor no que se fomenta a convivencia do poema co relato, no que se cruza a intención estética coa política e que acolle no seu interior a fotografía, integrada na poética discursiva e non como mero apósito paratextual (por exemplo, *A Espera Crepuscular*, 2002 ou *O Regresso a arder*, 2005). A viaxe de *Inxalá* convócanos a presenciar a aventura dunha reconstrución persoal, a que o personaxe narrador está a experimentar e a contar a un tempo. Comparten espazo no relato, pois, a evocación dunha andadura polo corno de África, a referencia á vida cotiá lisboeta (como percurso vital que se esgota) e mais a confesión dun amor.

Lisboa funciona na poética de Carlos Quiroga como un lugar case sagrado, meta final de peregrinos inocentes (*Periferias*, 1999) e, en *Inxalá*, como testemuño protagonista dun proceso de degradación existencial. Un médico galego, que xa conseguira que case ninguén o considerase "o médico espanhol", contando e tentando explicar a unha segunda persoa (á que ama) algún porqué, deitando a vista sobre o pasado en común e confesando a emoción de ter coñecido a Ondina. E esta segunda historia de amor desenvólvese nun plano duplo do pasado: o pasado remoto da fascinación e o pasado recente do accidental,

dun encontro trágico e inesperado que, por unha sorte de causas absurdas, obriga a unha fuxida necesaria e liberadora.

O rastro errante do viaxeiro polos pagos de Djibouti ou a Etiopia despreza a lectura exótica e introduce unha intención proxectiva que alcanza á personaxe no seu particular proceso de tránsito. Sexa através da escrita ou da fotografía, o relato da vivencia lisboeta e da historia de amor entrecórtase coa introdución dun imaxinario desertizado que remite tanto para a nada existencial como para a esperanza de fundar algo novo. Lonxe, alá onde se é estranxeiro e é posíbel escribir algún mito.

Fuxir, entón, como unha saída para a reconstrución. Meter distancia co mundo, acadar paz e silencio. E escribir, procurar palabras. O metaliterario, omnipresente na produción do autor, reconécese de forma constante en *Inxalá*. A consciencia da escrita dun relato confesional e transcendente con formas sacras propias, digamos, deste século: "Agora que escrevo isto penso se me estarei a tornar um padre do deserto. Se estarei a escrever um Evangelho agnóstico só para ti. Se a minha única religião está na memória de ti, e ao resto aplicarei o sorriso descuidado daquele australiano que se deixava tirar os brrr pelas crianças nos mercados" (p. 83). A escrita como actividade potencialmente fundadora, como estratexia para o recoñecemento do outro e, para alén, como conformación do propio suxeito.